



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C1, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA.

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal Cualificador, o día 14 de setembro de 2020, para a cualificación do segundo exercicio, trala lectura dos exercicios polas persoas aspirantes e aplicados os criterios establecidos segundo as bases da convocatoria, os resultados obtidos polas mesmas foron os seguintes:

APELIDOS E NOME	NOTAS
Castiñeira Fernández, Manuel Carlos	10
Collazo López, Marta Elisa	14
Diz Martínez, Beatriz Norma	16

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- A puntuación total do proceso selectivo para a provisión de tres prazas de administrativo de administración xeral pola quenda de promoción interna é a seguinte:

APELIDOS E NOME	CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	TOTAL
Castiñeira Fernández, Manuel Carlos	8,15	10,00	10	28,15
Collazo López, Marta Elisa	8,60	17,33	14	39,93
Diz Martínez, Beatriz Norma	10,90	13,33	16	40,23

PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia o tribunal eleva á Sra. Concelleira de persoal a seguinte proposta de nomeamento como funcionarios de carreira para tres prazas de administrativo de administración xeral, para os efectos da súa aprobación, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, ás seguintes persoas aspirantes:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
Diz Martínez, Beatriz Norma	40,23
Collazo López, Marta Elisa	39,93
Castiñeira Fernández, Manuel Carlos	28,15

As persoas aspirantes propostas deberán achegar dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o seu nomeamento e para a praza convocada, de conformidade co establecido no artigo 16 das bases da convocatoria.



RÉXIME DE RECURSOS.- Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que as persoas aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola Secretaría se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo) e de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello de Pontevedra, a relación coas cualificacións obtidas polas persoas aspirantes aprobadas no segundo exercicio e a proposta de nomeamento por orde de puntuación daquelas que superaron o proceso selectivo.

A Secretaria do Tribunal na data da sinatura electrónica

